

PLAN DE CONVIVENCIA

CEIP CIDADE VELLA

ÍNDICE:

1. Xustificación.
 - 1.1. Marco conceptual.
 - 1.2. Marco legal.
 - 1.3. Marco contextual.
 - 1.4. Contorno escolar.
 - 1.5. Condicións socioeconómicas.
 - 1.6. Recursos Humanos.
2. Análise conceptual previa.
3. Resultados das enquisas sobre convivencia.
 - 3.1. Enquisas mestras e mestres.
 - 3.2. Enquisas familias.
 - 3.3. Enquisas alumnado.
 - 3.4. Interpretación sobre as enquisas.
 - 3.5. Prevalencia da conflitividade no centro escolar. Antecedentes.
 - 3.6. Diagnose sobre a convivencia no noso centro.
4. Obxectivos do Plan de Convivencia.
5. Accións que axuden a acadar os obxectivos propostos.
6. Normas de convivencia.
7. Condutas contrarias ás normas de convivencia. Dereitos e deberes da comunidade educativa.
8. Aula de convivencia escolar.
 - 8.1. Finalidade e Obxectivo.
 - 8.2. Obxectivos específicos.
 - 8.3. Criterios e condicións de atención ao alumnado na aula de convivencia.
 - 8.4. Criterios pedagóxicos e atención educativa na aula de convivencia.
 - 8.5. Procedemento de derivación.
 - 8.6. Profesorado responsable da Aula de Convivencia.
 - 8.7. Ubicación da Aula de Convivencia.

9. Seguimento, avaliación e mellora do Plan de Convivencia.

9.1. Comisión de convivencia escolar.

9.2. Consello escolar.

9.3. Claustro de mestras e mestres.

9.4. Equipo directivo.

10. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan de convivencia.

11. Conclusión.

ANEXOS.

1. Xustificación.

1.1 Marco Conceptual.

Cada vez é máis frecuente atopar nos centros educativos un crecente malestar orixinado polos problemas cotiás de convivencia entre os/as alumnos/as, entre alumnos/as e mestres/as e entre o profesorado e as familias. Os casos manifestos de rotura da convivencia nos centros educativos fan necesario comprender as causas dos problemas que se plantexan. Aprender a convivir forma parte das finalidades básicas da educación e constitúe un dos principais desafíos dos sistemas educativos actuais na procura de sociedades máis modernas, xustas e democráticas; máis igualitarias, cohesionadas e pacíficas, nas que fenómenos como o acoso escolar, a violencia doméstica, a violencia de xénero e o maltrato, non teñan cabida.

A educación para a convivencia responde á necesidade de formar unha cidadanía preparada para desenvolver a súa vida respectándose a sí mesma, ás demais persoas e responsabilizándose dos seus actos.

Cando nun centro xorden problemas de convivencia, todas as persoas da comunidade educativa deben ser parte da súa solución.

Nesta liña, o Plan de Convivencia propiciará cambios positivos nos modelos de organización escolar, nos currículos, no profesorado, na formación permanente do mesmo, no alumnado, nas relacións coas familias; é dicir, no contexto xeral dos centros escolares. A elaboración deste Plan é, sen dúbida, un proxecto ambicioso que require un importante esforzo de toda a comunidade educativa, pero tamén é un reto que asumimos tendo un coñecemento o máis fondo posible da nosa realidade de partida sobre a que ir artellando as nosas propias accións de mellora, como un aspecto relevante do Proxecto Educativo do Centro. Neste senso cobra unha vital importancia o labor que se debe levar a cabo desde a titoría coa conseguinte revitalización do Plan de Acción Titorial.

O obxectivo final é a mellora da convivencia no centro e en toda a comunidade educativa como resultado da análise, da reflexión e do acordo.

1.2 Marco Legal.

O marco legal que xustifica e desenvolve actuacións respecto á convivencia nos centros educativos, así coma a redacción personalizada dun Plan que regule e personalice os procesos e medidas que se dan en determinado centro educativo, serían:

- Lei 27/2005, de 30 de novembro (BOE 01-12-05), de fomento da educación e a cultura da paz; especialmente no seu artigo 2.
- LOE 2/2006, de 3 de maio (BOE 04-05-06).
- Título Preliminar, cap. I, art. 2 sobre os fins da educación.
- Art. 13, parágrafo 3 (sobre educación infantil).
- Art. 17, parágrafo a) (sobre educación primaria).
- Art. 121, parágrafo 2 (sobre a integración do Plan de Convivencia no Proxecto Educativo de Centro).
- Art. 127, parágrafo g) (sobre as funcións do Consello Escolar).
- Art. 129, parágrafo j) (sobre as funcións do Claustro).
- Art. 132, parágrafo f) (sobre as funcións das direccións dos centros escolares).
- Disposición final primeira (sobre deberes básicos dos alumnos).
 - Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
 - Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro (DOG 27-03-15), polo que se desenvolve a lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
 - Instrucións sobre a constitución do Observatorio de Convivencia nos centros educativos e para a elaboración do Plan de Convivencia (Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa do 17-10-07).
 - LOMCE 8/2013, de 9 de decembro (BOE 10-12-13).

- Refreada artigos 13, 17, 121,129 e a disposición adicional primeira da LOE 2/2006, de 3 de maio (BOE 04-05-06).
- Art 127, parágrafo g) (modifica a función do Consello escolar, contemplándoa)
- Art. 132, parágrafo f) (modifica a función das direccións dos centros escolares).
- LOMLOE 3/2020, de 29 de decembro (BOE 30-12-20).
 - Refreada artigos 13, 17, 121,129 e a disposición adicional primeira da LOE 2/2006, de 3 de maio (BOE 04-05-06).
 - Art 119, parágrafo 1.2.5) (modifica a participación no funcionamento do Consello escolar)
 - Art.127, parágrafo a,b,d,e,f,h,i,j,k,l,m,n) (competencias do Consello Escolar)
 - Art. 132, parágrafo l,m,n) (modifica a función das direccións dos centros escolares).

1.3. Marco Contextual.

A situación socioeconómica e cultural das nosas familias, aínda que moi heteroxénea, pode situarse nun nivel medio. Debido á crise económica e industrial así como a unha incipiente desvinculación familiar en certos casos, fan que aparezan grupos minoritarios en risco de exclusión social. Nestes casos trabállase xunto con servizos sociais do concello, para que as necesidades deste alumnado queden cubertas en todo momento.

A necesidade, aportada por todos os mestres e mestras, de buscar coherencia nas normas, límites e xeitos académicos, de hábitos e rutinas de estudo, na realización dos deberes escolares e na convivencia común de ambos contextos que preparan ao alumnado de cara á sociedade, como, pretendemos que sexan, axentes de cambio activo e positivo das mesmas.

A observación de falta de recursos por parte do alumnado para resolver os seus conflitos por si mesmos, sen a intervención de adultos e dun xeito pacífico, construtivo e dialogado.

A necesidade de dar a coñecer e formular dun xeito simple, directo e coherente por parte do centro as medidas de convivencia ás nosas familias. A importancia de aumentar a participación das familias na vida do centro e en decisións estratéxicas sobre o mesmo. É preciso aumentar a comunicación das familias co centro de xeito diverso, fluído e directo, promovendo accións consensuadas de toda a comunidade educativa.

1.4. Contorno escolar.

O CEIP Cidade Vella atópase no concello de A Coruña. O centro é de titularidade pública, no que se imparten actualmente o 2º ciclo de Educación Infantil así como os seis cursos da Educación Primaria, contando na actualidade con 9 unidades.

En canto ó número e distribución do alumnado para o curso 2021/2022, queda sintetizado no seguinte cadro:

DATOS DO CENTRO						
Centro: CEIP Cidade Vella						
Enderezo: Rúa Ferrerías 1				Teléfono: 881 960 701		
Nº unidades: 9 unidades por catálogo para o presente curso						
Nº Alumnado	2º Ciclo de Educación Infantil					
	4º	5º		6º		
	18	15		24		
Educación Primaria						
	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Nº Alumnado	21	20	25	21	22	25
Total alumnado: 191				Total mestres/as: 15 – (4 compartidas)		

1.5. Condicións socioeconómicas.

O nivel socioeconómico das familias que compoñen a nosa realidade escolar pódese situar nun termo medio. Os nenos, en xeral, contan con condicións axeitadas para o estudo na casa. Pódese afirmar que na maioría das familias a

lingua habitual é o castelán; e una minoría emprega normalmente o galego como lingua vehicular.

O idioma dominante nas familias é o castelán. O nivel reflectido polas familias nas últimas enquisas realizadas, da avaliación diagnóstica inicial, indica un nivel socioeconómico e cultural medio.

Podemos calificar a participación das familias na escola coma satisfactoria, pero mellorable sen dúbida. O ANPA ten un papel activo e importante no centro, sendo proactiva nas distintas actividades que se propoñen dende o mesmo.

1.6. Recursos humanos.

O centro conta actualmente con 19 mestres e mestras:

- 3 especialistas en Educación Infantil.
- 1 mestra de apoio a Educación Infantil.
- 6 especialistas en Educación Primaria.
- 1 mestre de Educación Musical.
- 2 mestres de Educación Física.
- 1 mestre de Lingua estranxeira (Inglés).
- 1 mestra de Relixión Católica(compartida).
- 1 mestra de Pedagogía Terapéutica.
- 1 mestra de Pedagogía Terapéutica (compartida).
- 1 mestra de Audición e Linguaxe (compartida).
- 1 Orientadora(compartida).

2. **Análise conceptual previa.**

Existen moitas definicións sobre a **violencia** e os seus múltiples tipos. A comunidade científica coincide en resaltar que as condutas que agreden física ou psicolóxicamente a alguén, e que pretenden causar dano, son condutas que se terían que caracterizar de violentas. Son moitos, porén, os tipos de violencia e as matizacións conceptuais sobre a mesma; tantos como os factores ou as causas que pretenden explicala para comprendela.

Violencia directa, física ou psicolóxica:

Enténdese por violencia directa, física ou psicolóxica, aquela que as persoas máis facilmente perciben como tal, unha agresión, unha violación, un acto terrorista, a guerra... Fálase tamén de violencia estrutural, máis opaca, menos perceptible, e que ten que ver coa inxustiza, coa pobreza e a exclusión social ou coa miseria.

Violencia simbólica:

Tamén existe unha violencia simbólica, unha violencia virtual, uns comportamentos, unhas actitudes e uns contravalores transmitidos moitas veces polos medios de comunicación e as múltiples pantallas que, fundamentalmente, banalizan a violencia, a naturalizan, mesmo fan a poboación menos sensible coa dor e o sufrimento alleo.

Violencia doméstica:

Fálase igualmente, da violencia doméstica para referirse á que ten o fogar como ámbito de actuación, como sucede co maltrato infantil, a violencia dos fillos e fillas para cos pais e as nais ou a violencia de xénero. Mesmo fenómenos e comportamentos que fai tan só uns anos non eran percibidos socialmente como violentos, hoxe resultan completamente intolerables.

Conflito:

Cando se fala de conflictividade, con frecuencia téndese a percibir de maneira negativa e considérase que se debe fuxir deles. Isto acontece porque se confunden coa forma en que habitualmente se pretenden resolver, dende unha visión negativa do conflito. Non en tanto, a visión positiva considera que os conflitos existiron, existen e seguirán a existir no futuro, porque son o resultado da propia liberdade, das diferenzas de criterios, de aspiracións, desexos e intereses contrapostos das persoas, grupos ou nacións. A clave, polo tanto, non está en negar os conflitos, senón en aprender a resolvelos



pacíficamente, por medio do diálogo, da comunicación, do acordo, da negociación, do entendemento e da concordia.

Violencia“natural”:

Escóitase con excesiva frecuencia que a violencia é “natural” nos seres humanos. Esta “naturalización” da violencia está en contradición coas publicacións, estudos e investigacións da comunidade científica que insisten en reiterar que é a agresividade ese estado de alerta diante dun perigo, real ou ficticio/a que se pode considerar como innata e non a agresión. Pola contra, a violencia apréndese; é o resultado dunha longa e continua aprendizaxe con axentes tan diversos como a familia, os medios de comunicación, os iguais e a sociedade en xeral. Polo mesmo, a violencia tamén se pode desaprender.

Convivir:

A convivir, a compartir vivencias xuntos, apréndese interatuando; fomentando as boas relacións interpersoais, o autocoñecemento, a autoestima, a autopacificación crítica; desde o diálogo, a escoita activa, a participación, o compromiso e a asunción de responsabilidades. Ademais, isto require un traballo compartido, sistemático e permanente no tempo.

A convivir entre todo o alumnado do centro e especialmente co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Empregando estratexias para evitar e resolver problemas interpersoais que xurdan e para favorecer no alumnado a valoración do diálogo e cooperación entre alumnado, profesorado e familias, como ferramenta básica para resolver os problemas de convivencia e os conflitos de interese en relación cos demais.

Acoso entre iguais:

Cando se fala de matonismo, de acoso entre iguais ou do chamado bullying, faise referencia a situacións reiteradas, dilatadas no tempo, de intimidación, ameaza, agresión ou abuso, que sofre unha persoa como consecuencia da acción doutra persoa ou dun grupo. Non se pode esquecer, tampouco, que existen outras formas de acoso entre persoas con diferentes roles.

Vandalismo:

Fálase de vandalismo cando se observan comportamentos ou actitudes de destrución e devastación no mobiliario, edificios ou recursos materiais dun centro ou das persoas, sen consideración nin respecto ningún. Estes comportamentos provocan unha grande alarma e non poden deixarse de lado, polo que cómpre intervir rapidamente con medidas disciplinarias, reparadoras e educativas.

Disciplina:

A disciplina é un concepto que ten, na actualidade, connotacións negativas pola súa propia historia pasada, aínda que se sabe que é unha necesidade persoal e social. Por exemplo, a autodisciplina forma parte da bagaxe dunha persoa á hora de enfrontarse cun traballo ou con calquera actividade: educativa, laboral, deportiva ou doutra índole. En definitiva, insistir na disciplina fai referencia ao respecto a normas democráticas de convivencia, elaboradas e asumidas como propias por todos os sectores implicados, sexa na aula, no centro ou en calquera organización social ou actividade.

Comportamentos disruptivos: Cando se fala de comportamentos disruptivos, os maioritarios nos centros educativos, faise referencia a moi distintos fenómenos que acontecen a diario e que poden estar relacionados co currículo (falla de hábitos de traballo, non realización das actividades escolares, despreocupación, etc.), cos compañeiros/as (mentir ou falsear a realidade, mostrar incapacidade para o diálogo, xogar dentro da clase interrompendo aos demais, etc.), co profesorado (mentir, falar a berros, a chulería, xogar dentro da clase para interromper, etc.) ou en relación co centro (non aceptar as normas, deambular polo centro...). Ademais, hai que engadir outras problemáticas na relación socio-familiar: problemas familiares graves; proximidade ao mundo das drogodependencias; carencias afectivas, culturais e sociais.

Absentismo escolar:

O absentismo escolar, a falta de asistencia habitual ás aulas, non é un fenómeno moi frecuente, pero para atallalo é clave a colaboración interinstitucional e multidisciplinar no ámbito local e municipal.

3. Resultados das enquisas sobre convivencia


3.1. Enquisas mestras e mestres.

BLOQUE 1. A interacción entre o profesorado e a comunidade educativa.

Interpretación: 1. Moi malo, 2. Malo, 3. Regular, 4. Normal, 5. Boa, 6. Moi boa, 7. Excelente.


1. ¿Cómo valora as relacións de traballo cos seus compañeiros?

13 respostas




2. ¿Cómo valora a percepción que cre que teñen de vostede os seus compañeiros?

13 respostas




3. Considera que as interaccións co alumnado son boas.

13 respostas




4. ¿Qué percepción cre que teñen de vostede os/as alumnos/as?

13 respostas




5. Califique a comunicación e cooperación que mantén coas familias.

13 respostas




6. ¿Qué percepción cre que teñen de vostede as familias?

13 respostas




7. ¿Existe un bo clima entre vostede e o persoal non docente que forma parte desta comunidade educativa?

13 respostas




8. Relación do centro educativo, en canto a peticións, comunicación... có contexto no que se ubica (Concello, Institucións, Servizos Sociais, S. Sanitarios...).

13 respostas



9. Realmente considera eficaz e real en canto a demandas, comunicacións, peticións.... A relación do centro coa administración.

13 respostas




BLOQUE 2. OS CONFLITOS.

Interpretación: 1. Non existe, 2. En escasas ocasións, 3. Pouco, 4. As veces, 5. Bastantes veces, 6. Moitas veces, 7. Sempre.


1. Existencia de conflito entre o profesorado.

13 respostas




2. ¿Existe conflito entre o profesorado e o equipo directivo?.

13 respostas




3. ¿Son comúns as pelexas, trifulcas, disputas... entre o alumnado?

13 respostas




4. ¿Son comúns os conflitos entre o profesorado e as familias?

13 respostas



5. ¿Son comúns os conflitos entre o centro educativo e as familias?

13 respostas




BLOQUE 3. TIPOS DE CONFLICTO E FRECUENCIA NA QUE SE DAN.

Interpretación do 1 ao 5 sendo : 1. Nada, 2. Pouco, 3. Ás veces, 4. Con frecuencia, 5. Moi frecuentemente.


1. Agresións verbais (insultos, motes, descalificacións...)

13 respostas




2. Agresións físicas (golpes, empurróns...).

13 respostas




3. Agresións psicolóxicas (separación, chismes, mobbing...).

13 respostas




4. Indisciplina na aula (Insultos, malas contestacións, falta de respeto...).

13 respostas



5. Existencia de actitudes vandálicas (roubos, deterioro de material do centro...).

13 respostas




BLOQUE 4. PREVENCIÓN DE CONDUCTAS INAXEITADAS.

Interpretación: 1. Nada efectivas, 2. Moi pouco, 3. Pouco, 4. Algo efectivas, 5. Bastante efectivas, 6. Moito, 7. Moitísimo ou as que mais.

Das propostas sinalan:


1. Reforzo da disciplina no centro.

13 respostas




2. Implicar ás familias nas accións tomadas neste centro.

13 respostas




3. Implicar ó alumnado nas accións tomadas neste centro.

13 respostas




4. Introducir no centro a figura do mediador (alumno/mestre...).

13 respostas




5. Establecer cauces fluídos entre profesorado e familia.

13 respostas



6. Reducir a ratio mestre/a-alumno/a.

13 respostas




3.2. Enquisas ás familias e/ou titores/as legais.

Contestaron un total de 42 familias, considerándose unha participación baixa.

Interpretación: 1. Moi malo, 2. Malo, 3. Regular, 4. Normal, 5. Boa, 6. Moi boa, 7. Excelente.


1. Valore á súa relación co profesorado do centro.

42 respostas



2. Valore a súa relación co titor do seu fillo/a?

42 respostas




3. ¿Qué conflitos observou, ou ten constancia que existen ou existiron no centro educativo? Especifique.

O 33,3 % das familias (en total) non consideran ningún conflito coma destacable.

O resto de familias falan de faltas de respecto, indisciplina, insultos e malas condutas entre iguais.


4. ¿Coñecen as normas de convivencia do centro (regulamento de réxime interno que inclúe: dereitos e deberes do alumnado, normas a seguir por nais/pais , mestres...)?

42 respostas



5. ¿Participan vostedes na vida social do centro?

42 respostas




6. Especifique, no caso de participar, en que actividades o fan (AEE, ANPA,...):

- 31 % das familias (en total) non participa.
- 23,8% son membros/as da ANPA.
- 35,7% participa eb todas as actividades que oferta o centro.
- 9,5 % noutras.


7. Na súa opinión cales dos seguintes problemas de convivencia ocorren na escola:

42 respostas



8. Das situacións anteriores ¿Cre que hai algunha que lle afecte ó seu fillo/a?

42 respostas




9.
9.
9.
9.
9.
9.

¿Que conflitos se teñen producido con mais frecuencia ó longo dos últimos anos na escola?

Interpretación: 1. Non existe, 2. En escasas ocasións, 3. Pouco, 4. As veces, 5. Bastantes veces, 6. Moitas veces, 7. Sempre.


- Agresións verbais entre alumnado.

42 respostas




- Agresións físicas entre alumnado.

42 respostas




- Agresións verbais de profesorado á alumnado.

42 respostas




- Agresións verbais de alumnado a profesorado.

42 respostas




- Intimidación e acoso entre alumnado.

42 respostas




- Vandalismo ou deterioro grave das cousas.

42 respostas




- Condutas inaxeitadas nas aulas.

42 respostas



- Indisciplina (insultos, malas contestacións, faltas de respecto...).

42 respostas




10. Na súa opinión ¿Cómo melloraría a convivencia no centro educativo?.

Interpretación: 1. Nada efectivas, 2. Moi pouco, 3. Pouco, 4. Algo efectivas, 5. Bastante efectivas, 6. Moito, 7. Moitísimo ou as que mais.


- Reforzando á disciplina na escola.

42 respostas




- Mellorando ás relacións entre profesorado e familias.

42 respostas




Facer grupos de alumnado mais reducidos.

42 respostas




- Mellorar os recursos humanos e materiais.

42 respostas




- Informar ás familias sobre estratexias ante o conflito.

42 respostas



- Facer grupos de mediación en conflitos na escola.

42 respostas




3.3. Enquisas alumnado.

CUESTIONARIO CONVIVENCIA 3º - 4º EP.


1. Como te levas cos teus compañeiros/as?

38 respostas




2. Como te levas cos mestres/as?

38 respostas




3. Que opinión cres que teñen de ti os compañeiros/as?

38 respostas




4. Que opinión cres que teñen de ti os mestres/as?

38 respostas




5. Hai diferenzas entre as normas da clase de uns a outros mestres/as?

38 respostas




6. Participa a túa familia na vida do centro?

38 respostas



7. En que participan?


38 respostas



8. Cantas veces se repiten as seguintes actuacións no teu colexio?


- Enfrontamentos entre os alumnos/as.

38 respostas




- Enfrontamentos cos mestres/as.

38 respostas




- Non se respectan as normas.

38 respostas




- Os alumnos/as insúltanse.

38 respostas




- Hai grupíños que non se levan ben.

38 respostas




- Hai nenos/as que non están integrados e se sinten solos.

38 respostas




- Vandalismo ou deterioro das cousas.

38 respostas




- Interrupción das clases por algún compañeiro/a.

38 respostas



- Pensas que os profesores/as non entenden aos alumnos/as.


38 respostas



CUESTIONARIO CONVIVENCIA 5º - 6º EP.


1. Como te levas cos teus compañeiros/as?

44 respostas




2. Como te levas cos mestres/as?

44 respostas




3. Que opinión cres que teñen de ti os compañeiros/as?

44 respostas




4. Que opinión cres que teñen de ti os mestres/as?

44 respostas




5. Hai diferenzas entre as normas da clase de uns a outros mestres/as?

44 respostas




6. Participa a túa familia na vida do centro?

44 respostas



7. En que participan?


44 respostas



8. Cantas veces se repiten as seguintes actuacións no teu colexio?


- Enfrontamentos entre os alumnos/as.

44 respostas




- Enfrontamentos cos mestres/as.

44 respostas




- Non se respectan as normas.

44 respostas




- Os/as alumnos/as insúltanse.

44 respostas




- Hai grupiños que non se levan ben.

44 respostas




- Hai nenos/as que non están integrados e se sinten solos.

44 respostas




- Vandalismo ou deterioro das cousas.

44 respostas




- Interrupción das clases por algún compañeiro/a.

44 respostas



- Pensas que os profesores/as non entenden aos alumnos/as.

44 respostas



3.4. Interpretación sobre as enquisas.

Favorables:

- Destacar o elevado grado de integración e inclusión educativa, con todo o que isto conleva do alumnado no noso centro.
- As relacións co alumnado do centro e cos compañeiros/as, por parte do profesorado son calificadas coma boas.
- A percepción da conflitividade por parte do profesorado entre compañeiros e entre profesor – alumno é calificado coma baixo, no termo negativo de conflito.

- O nivel de respecto profesor–alumno e alumno–profesor ten un elevado grao de aceptación.
- Bo concepto do profesorado cara as medidas pedagóxicas no eido da convivencia.
- A valoración positiva por parte das familias sobre a relación dos seus fillos e de elas mesmas co profesorado.

Preocupan:

- Destacar certo grao de conflictividade “negativa”, con presenza de condutas e situacións que poñen en risco a convivencia escolar.
- A baixa participación “activa” das familias na dinámica do centro .
- A percepción de conflictividade no centro por parte de determinadas familias.
- A percepción do profesorado do concepto conflito coma algo única e exclusivamente negativo. Inclusive a concepción do conflito coma innecesario, sendo un elemento indivisible da conduta humana.
- A ausencia do servizo de mediación escolar, necesaria en tódolos centros e realidades.

3.5. Prevalencia da conflictividade no centro escolar. Antecedentes.

Para concluír coma resumo deste apartado, a prevalencia de conflito negativo no noso centro nos últimos catro anos foi moi escasa, agás casos puntuais.

Destacar, pequenos problemas de comportamento nos nenos/as que foron subsanados con intervencións puntuais do/a mestre/a titor/a ou do servizo de orientación. Problemas puntuais con algunha familia concreta respecto á intervención educativa para cos seus fillos por parte do/a mestre/a–titor/a e polas medidas tomadas a cabo polo servizo de orientación educativa.

En liñas xerais o grao de conflictividade na nosa comunidade educativa é escaso, nembargantes abordamos con ilusión este plan de convivencia, xa que esta sempre é mellorable e, sen dúbida, reverte nunha educación de calidade para os/as nosos/as nenos/as.

3.6. Diagnose sobre a convivencia no noso centro.

PUNTOS FORTES:

- Os compoñentes da comunidade educativa, en xeral, viven con agrado a súa estancia na escola.
- Os problemas de convivencia son considerados pola comunidade educativa como temas urxentes a tratar na mesma.
- As interaccións vividas polos nenos/as son vividas de xeito agradable por eles mesmos e polas súas familias.
- As agresións en xeral (tipo físico, verbal,...) son contempladas coma un problema pola comunidade educativa.
- Nenos/as, familias e mestres/as teñen un alto grao de percepción da implicación destes últimos no centro educativo.
- Consecuencias graves coma o acoso e ciberacoso escolar, agresións, faltas graves...actualmente non son un problema no noso centro.

PUNTOS FEBLES:

- A percepción do profesorado das medidas de convivencia coma “pouco efectivas”
- Falta de consenso en canto á gravidade das condutas e comportamentos do alumnado e en canto a sancións.
- Non se coñece a normativa relativa á convivencia no centro por parte da Comunidade Educativa en xeral, e por parte das familias en particular.
- Unha porcentaxe das familias non participan plenamente na vida do centro.
- As familias non coñecen plenamente as normas de organización e funcionamento da escola.

- Descoñecemento de técnicas educativas coma a mediación ou a tutorización entre iguais que poden ser favorecedoras da convivencia na nosa escola.

4. Obxectivos do Plan de Convivencia.

Tendo presentes tanto as debilidades como as fortalezas da escola., establecemos os seguintes obxectivos:

- 4.1. Incrementar o número de conflitos resoltos por medio do diálogo e a mediación (esta última sempre que fose necesaria) para facer máis visible o seu valor.
- 4.2. Introducir formación específica na comunidade educativa, especialmente no profesorado e alumnado (a poboación obxecto sería 5º e 6º de primaria), sobre a mediación escolar.
- 4.3. Mellorar as relacións entre as familias e o centro para conseguir unha maior implicación destas na vida escolar dos seus fillos e fillas.
- 4.4. Consegir que toda a Comunidade Educativa coñeza, participe na elaboración e exerza as normas de convivencia e funcionamento da escolar.
- 4.5. Aumentar o clima de confianza e comunicación entre o profesorado e o alumnado.
- 4.6. Profundizar no concepto de diversidade e as diferenzas entre individuos coma valores que melloran a convivencia. O obxectivo fundamental será traballar as competencias encamiñadas a “aprender a convivir xuntos”. Ademais de realizar distintas iniciativas para o aprendizaxe e mellora da convivencia escolar entre todo o alumnado, especialmente co alumnado de necesidades específicas de apoio educativo para saber participar, cooperar, ser responsables, tolerantes, solidarios, dispoñer de habilidades sociais ou xestionar conflitos interpersoais, que se presentan como aprendizaxes e ser desenvolvidos no centro educativo e vinculados ao proxecto educativo do centro no marco dunha correcta autonomía pedagóxica e organizativa, así como na formación do profesorado nos diferentes programas de formación.
- 4.7. Alcanzar a idea de converter o patio escolar nun espazo educativo e de convivencia.

5. Accións que axuden a acadar os obxectivos propostos

- En relación ao obxectivo 4.1. Incrementar o número de conflitos resoltos por medio do diálogo e a mediación (esta última sempre que fose necesaria) para facer mais visible o seu valor. Levaríamos a cabo:

Accións: Búsqueda e entrenamento de alumnos/as con “perfil” de mediadores.

Temporalización: durante os tres próximos cursos.

Responsable: Coordinador da convivencia do centro e mestras asignadas á dinamización desta área.

Indicadores de logro: tratamento en titorías deste tema, introdución de manual de mediadores, practica e intervención real de mediación dos nenos/as en determinados conflitos e comprobación de diminución de sancións (castigos, conflictividade negativa,...)

Accións: Elaboración dun contrato de conduta. **ANEXO 7**

Temporalización: durante todo o curso.

Responsable: Xefa do departamento de orientación e profesorado, en xeral.

Indicadores de logro: autoavaliación e constancia da participación e implicación real do profesorado na iniciativa.

- En relación ao obxectivo 4.2. Introducir formación específica na comunidade educativa, especialmente no profesorado e alumnado (a poboación obxecto sería 5º e 6º de primaria), sobre a mediación escolar. Levaríamos a cabo:

Accións: Impulsar a formación do profesorado nas distintas técnicas de mediación escolar no conflito, a través de: cursos do CFR, suministrar información, levar a cabo casos prácticos...

Temporalización: dende o curso 2022-2023.

Responsables: Equipo directivo e profesorado, en xeral.

Indicadores de logro: realización de cursos, distribución de material que vaia coa materia e realización de discusións en gran grupo e casos prácticos relacionados coa materia.

- En relación ao obxectivo 4.3. Mellorar as relacións entre as familias e o centro para conseguir unha maior implicación destas na vida escolar dos seus fillos e fillas.

Accións: Favorecer a interacción, comunicación e coherencia do ANPA co Equipo Directivo mediante reunións periódicas.

Temporalización: dende o curso 2021/22.

Responsables: Equipo directivo e dirección do ANPA.

Indicadores de logro: constancia das reunións e actas das mesmas.

Accións: Potenciar a comunicación coas familias a través de reunións periódicas titoriais e do equipo directivo e departamento de orientación (fixadas no PXAD).

Temporalización: dende o curso 2021/22.

Responsables: Equipo directivo, departamento de orientación e profesorado en xeral.

Indicadores de logro: constancia e actas das reunións coas familias, realización de reunións trimestrais titoriais coas familias, uso da web do centro, correo electrónico e abalar.

Accións: Estimular a representatividade do ANPA, como cauce de participación na escola.

Temporalización: dende o curso 2021/22.

Responsables: Equipo directivo, profesorado e ANPA.

Indicadores de logro: aumento da participación do ANPA na vida escolar e aumento do número de afiliados.

Accións: Mellorar en cantidade e calidade os contactos do/as titor/as e mestre/as especialistas (en casos que sexa preciso) e empregando as actas específicas de reunións de titoría, de dirección...

Temporalización: dende o curso 2021/22.

Responsables: comisión de convivencia e mestras.

Indicadores de logro: actas e documento de reunión elaborado.

Accións: Favorecer a realización de encontros de expertos educativos, do departamento de orientación e outros cos pais e nais do centro.

Temporalización: dende o curso 2021/22.

Responsables: Equipo directivo e Departamento de Orientación.

Indicadores de logro: aumento de ponencias educativas as familias e charlas e talleres que expresen o desenvolvemento das políticas educativas as familias.

Accións: Estimular a participación das familias nas actividades complementarias realizadas dende o centro: Samaín-Magosto, Nadal, Entroido, clausura de curso...

Temporalización: dende o curso 2021/22.

Responsables: ANPA, equipo directivo, profesorado e familias.

Indicadores de logro: aumento dos pais e nais que colaboran e participan nas actividades de centro.

- En relación ao obxectivo 4.4. Conseguir que toda a Comunidade Educativa coñeza, participe na elaboración e exerza as normas de convivencia e funcionamento da escola.

Accións: Consensuar unhas normas de convivencia da escola aceptadas por todo o profesorado, coas propostas respectivas (arroxadas nas enquisas de convivencia), aprobalas en consello escolar e dalas a coñecer aos pais e nais.

Temporalización: dende o curso 2021/22.

Responsables: Equipo directivo, profesorado e familias.

Indicadores de logro: aprobación das normas de convivencia en relación con este plan, proporcionar e publicar estas normas de convivencia á familia e na páxina web.

- En relación ao obxectivo 4.5. Aumentar o clima de confianza e comunicación entre o profesorado e o alumnado.

Accións: Aumentar á adquisición da formación en competencias emocionais: a autonomía, a seguridade persoal, a empatía, a autoestima, a comunicación....

Temporalización: dende o curso 2021/22.

Responsables: Equipo directivo, departamento de orientación, concello e CFR.

Indicadores: actividades de formación proporcionadas polo propio centro e CFR, materiais proporcionados para este propósito, polo D.O., poñentes proporcionados polo concello e polo centro educativo.

- En relación ao obxectivo 4.6. Profundizar no concepto de diversidade e as diferenzas entre individuos coma valores que melloran a convivencia. O obxectivo fundamental será traballar as competencias encamiñadas a “aprender a convivir xuntos”. Ademais de realizar distintas iniciativas para o aprendizaxe e mellora da convivencia escolar entre todo o alumnado, especialmente co alumnado de necesidades específicas de apoio educativo para saber participar, cooperar, ser responsables, tolerantes, solidarios, dispoñer de habilidades sociais ou xestionar conflitos interpersoais, que se presentan como aprendizaxes e ser desenvolvidos no centro educativo e vinculados ao proxecto educativo do centro no marco dunha correcta autonomía pedagóxica e organizativa, así como na formación do profesorado nos diferentes programas de formación.

Accións: Iniciar dun xeito decidido e colaborativo, por parte de todas os/as mestres/as, os camiños que leven a atender a diversidade, tendo en conta que se precisan dous requisitos: vontade e formación.

Temporalización: dende o curso 2021/22.

Responsables: Equipo directivo, departamento de orientación e mestras/es en xeral.

Indicadores de éxito: toma de conciencia da diversidade coma algo propio da vida e universal, asistencia e proactividade nas sesións de formación sobre diversidade e realización de actividades de formación sobre diversidade.

Accións: Promover unha educación non sexista e de inclusión para o alumnado da escola.

Temporalización: dende o curso 2021/22.

Responsables: Equipo directivo e comunidade educativa en xeral.

Indicadores de éxito: inclusión de todos/as nos xogos da escola, realización de grupos de traballo e deporte mixtos nas aulas, visión de filmes educativos sobre este tipo de temas (respectando a lexislación vixente), incluír a

educación non sexista dentro das programacións de aula e realización de talleres para familias e nenos/as.

- En relación ao obxectivo 4.7. Alcanzar a idea de converter o patio escolar nun espazo educativo e de convivencia.

Accións: Organización de xornadas de xogo dirixido (exemplo: samaín e magosto, nadal,...)

Temporalización: dende o curso 2021/22.

Responsables: Equipo directivo e mestres/as.

Indicadores de éxito: adquisición da cultura de grupo, aprendizaxe de xogos educativos de modo compartido, introdución plena da metodoloxía cooperativa.

Responsables: equipo directivo e profesorado.

Indicadores de éxito: traballo dende as titorías e introdución da metodoloxía, implementación de metodoloxía cooperativa e asistencia as actividades de formación organizadas dende a escola e o CFR.

6. Normas de convivencia.

As normas de convivencia consensuadas e acordadas por toda a comunidade educativa son:

1. O respecto a un mesmo, aos compañeiros, mestras/es, persoas en xeral, elementos materiais do centro e calquera elemento ou patrimonio do mesmo, coma factor esencial da convivencia.
2. A non tolerancia a ningún tipo de discriminación por razón de raza, sexo, condición natural e/ou económica,... Concibindo coma único tipo de discriminación tolerable a discriminación positiva cara calquera persoa que, pola súa situación, poida estar desfavorecida.
3. A violencia en xeral, verbal, psicolóxica, social.... non será tolerada nin permitida na escola.
4. A asistencia á clase dun xeito puntual (respectando o horario do centro) é unha condición indispensable para toda a comunidade educativa (tanto en entradas coma en saídas).



5. O/a mestre/a é unha figura de autoridade (LOMLOE, Lei 4/2011 e Decreto 8/2015) e como tal será respectado e contará con presunción de veracidade (hasta que non se demostre o contrario).
6. O uso de teléfonos móbiles e calquera outro elemento electrónico está prohibido no centro, agás polos mestres/as en cumprimento das súas funcións, ou cando se xustifique o seu emprego pedagóxico.
7. O centro non se responsabilizará da perda ou deterioro do material do alumnado, principalmente de aquel que non ten un uso estritamente pedagóxico (cromos, xoguetes, obxectos...), entendendo de que cada alumno/a é responsable do seu bo uso e garda.
8. Están explicitamente prohibidas todas aquelas actividades, accións, obxectos ou elementos que vaian contra a saúde pública ou o benestar dos membros da comunidade educativa e que poidan ser potencialmente perigosos para a mesma.
9. A cooperación e colaboración activa na escola e nas actividades académicas é un valor que fai escola e fomenta o desenvolvemento das persoas, polo tanto será potenciado a nivel curricular, en convivencia e na organización do centro.
10. Débese coidar o aseo e hixiene persoal por parte dos membros da Comunidade Educativa, fomentando hábitos de vida e autonomía, así coma o uso dunha vestimenta axeitada.
11. O respecto e a corrección no trato social a todas as persoas da comunidade educativa, tanto dentro coma fóra da escola, fomentando a solidariedade cos compañeiros/as e mestres/as e con calquera persoa que requira unha atención e axuda.
12. Durante as clases non se permitirá realizar ningunha actividade incompatible coas mesmas coma: comer, mascar chicle, caramelos... sendo o tempo de lecer, programado no horario lectivo, un momento para estas actividades.
13. Durante o horario lectivo non se permitirá deambular polo centro a ningunha persoa allea ao mesmo durante este proceso. As persoas, familiares e/ou titores legais que desexen acceder ao centro deberán ser acompañados,

no caso de poder facelo, por persoal do mesmo (mestres de garda ou conserxe).

7. Condutas contrarias ás normas de convivencia. Dereitos e deberes da comunidade educativa

A determinación das condutas contrarias á convivencia escolar, tanto de carácter leve e grave, así coma as medidas correctoras, veñen determinadas no decreto 8/2015 de 8 de xaneiro que desenvolve a lei de convivencia educativa (aspectos do decreto anexoado a este plan para poder consultar as faltas graves e leves, **ANEXO 5**) nos artigos 38, 39, 40, 41, 42 e 43 . No mesmo anexo tamén recolle os artigos que fan referencia na lei 4/2011 de 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa de convivencia, ás faltas graves e leves e as medidas correctoras.

Os dereitos e deberes da comunidade educativa (familias, mestras, alumnado e PAS) veñen determinadas na lei 4/2011 de 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa, que tamén se anexa a este plan para a súa consulta, **ANEXO 6**.

Dentro destas condutas contrarias á convivencia escolar atopamos coma unha das que se tipifica como falta grave o acoso escolar (tal e coma se inclúe na Lei 4/2011 e no Decreto 8/2015). Para a aparición do acoso escolar, inclúese **anexoado** a este plan o **Protocolo en caso de Acoso Escolar**, elaborado pola consellería de educación, **ANEXO 8**.

No caso de incumprimento, omisión de normas ou realización dunha falta leve por parte do alumno, o mestre que corresponda cubrirá un **modelo de parte de amoestación** que quedará rexistrado no expediente do/a alumno/a e se atopa **anexoado** a este plan. **ANEXO 1**.

8. Aula de convivencia escolar

8.1. Finalidade e Obxectivo:

O **obxectivo principal** da aula de convivencia é converterse nunha alternativa real á expulsión do centro, para aqueles alumnos/as cos cales se contemple esta medida. No contexto desta pretendemos favorecer un proceso de reflexión, en cada neno/a que se ubique na mesma, sobre as circunstancias nas que foi derivado a ela. Así pretendemos poñer en marcha o mecanismo de empatía dos/as nosos/as alumnos/as, tentando que comprendan o alcance das súas condutas para eles, e as demais persoas que os rodean, iniciando un proceso no cal se fagan cargo das súas propias accións, pensamentos, sentimentos e interaccións cos outros. En definitiva, aumentar e perfeccionar as habilidades de pensamento reflexivo e autocontrol, á vez que proporciona un espazo para a análise das súas experiencias persoais e búsqueda de unha resolución efectiva dos conflitos interpersoais.

8.2. Obxectivos específicos:

- Habilitar un espazo que proporcione ao alumnado as condicións precisas de reflexión sobre a súa conduta e comportamento.
- Fomentar a responsabilidade do alumnado sobre os seus propios actos.
- Contribuír a fomentar valores coma a empatía, cooperativismo, solidariedade e respecto.
- Desenvolver as competencias emocionais.
- Resolución de conflitos dende o diálogo, a mediación e a reflexión.
- Mellora da traxectoria, académica, comportamental e de vida, en xeral.

8.3. Criterios e condicións de atención ao alumnado na aula de convivencia.

O criterio principal para derivar a un alumno/a ao aula de convivencia será cando se lle prive de participar no normal desenvolvemento das súas actividades lectivas pola realización dunha falta grave contra a convivencia escolar e coma medida alternativa á expulsión do centro. O aula de convivencia non será un caixón desastre para derivar nenos por faltas leves, apartalos momentaneamente do aula.... senón que será unha **medida**

disciplinaria última, **anterior á expulsión**, e **determinada pola titora, director e comisión de convivencia da escola**.

A derivación ao aula de convivencia ademais, terá en conta:

- Que o/a alumno/a sexa reincidente nas súas condutas.
- Subscribir compromiso de convivencia e comportamento.
- Que o alumno presente dificultades coa autoestima, autocontrol relacións persoais, xestión emocional....
- Que se coñeza claramente que a expulsión non favorecerá a corrección da conduta senón que empeorará a situación.
- Procurarase continuar co traballo que están a desenvolver os compañeiros/as na aula e empregar as fichas do **ANEXO 2**, para corrixir a conducta.

Á derivación ao aula de convivencia será de 3 veces como máximo, posteriormente a medida a contemplar será a expulsión do centro.

8.4. Criterios pedagóxicos e atención educativa na aula de convivencia.

Tanto na aula de convivencia coma en casos de incumprimento grave de normas da escola seguirase un protocolo de traballo, en relación coas Habilidades Sociais, as Competencias Emocionais, así coma actividades que favorezan a reflexión e o pensamento, deseñadas polo Departamento de Orientación e desenvolvidas no **ANEXO 2**.

8.5. Procedemento de derivación.

O procedemento de derivación realizarase mediante transmisión do titor/a ao equipo directivo de documento cumprimentado, ver **ANEXO 3**. Ter en conta que derivación á aula de convivencia para ser efectiva deberá ser refrendada polo Director do centro.

Cando un neno/a sexa derivado ao aula de convivencia, será preceptiva e obrigatoria (debido ao trato con menores) a comunicación á familia do neno por escrito, ver **ANEXO 4**, e oralmente explicando as motivacións que conlevaron isto e a normativa infrinxida polo alumno/a.

8.6. Profesorado responsable da Aula de Convivencia.

Debido á situación do centro, e ao persoal existente, os mestres/as responsables da aula de convivencia serán aqueles que estean de garda, ademais da xefa do Departamento de Orientación; no caso de que non haxa mestres/as de garda nin esté a orientadora, será alguén do equipo directivo quen se faga cargo, se tampouco puidera ningún membro/a suspenderíase a actividade da aula de convivencia ese día.

8.7. Ubicación da Aula de Convivencia.

O Aula de Convivencia ubicarase nas dependencias do Departamento de Orientación.

9. Seguemento, avaliación e mellora do Plan de Convivencia

Estes procesos levaranse a cabo por parte dos seguintes equipos:

9.1. Comisión de convivencia escolar.

Esta comisión constituirase dentro do seno do Consello Escolar e estará composta polos seguintes membros:

- Director e Xefatura de Estudos do centro.
- Xefa do Departamento de Orientación.
- Unha mestra do centro educativo.
- Unha representante das nais e pais do centro (ANPA).
- Representante do Persoal de Administración e Servizos.

Funcións:

- Dinamización e avaliación deste plan de Convivencia.
- Elaboración dun informe anual sobre a convivencia na escola, cos ámbitos mais representativos.
- Coordinacións de accións conxuntas no ámbito da convivencia coa convivencia educativa.

- Seleccionar a adecuación no PAT das determinadas actividades que inflúen na convivencia.
- Colaborar xunto co departamento de orientación na realización de programas que preveñan e detecten os posibles e/ou existentes problemas de convivencia na escola.
- Realizar unha análise e avaliación da convivencia da escola.
- Valorar a colaboración de institucións e asociacións que colaboren neste ámbito e sexan mellorables para o centro.

9.2. Consello escolar.

Composto segundo establece a lexislación vixente e a constitución de cada consello a principios de curso.

Funcións:

- Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar porque se atean á lexislación vixente.
- Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

9.3. Claustro de mestres e mestras.

Composto por todas as mestras e mestres con destino no centro.

Funcións:

- Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e a imposición de sancións e velar por que estas se atean á normativa vixente.
- Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro.

9.4. Equipo directivo.

Composto polos membros do equipo directivo.

Funcións:

- Favorecer a convivencia no centro, garantir a mediación na resolución de conflitos e impoñer as medidas disciplinarias que correspondan aos alumnos, en cumprimento da normativa vixente.

10. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan de convivencia.

Corresponde á Comisión de Convivencia o seguimento e coordinación do Plan de Convivencia. A Comisión de Convivencia reunirase, polo menos, unha vez ao trimestre para analizar as incidencias producidas, as actuacións realizadas e os resultados conseguidos, así como, elevar ao Consello Escolar propostas para a mellora da convivencia.

Os equipos docentes, o Claustro de profesores e a Asociación de Nais e Pais achegarán as súas conclusións e propostas de mellora para a convivencia no centro á Comisión de Convivencia.

A Comisión de Convivencia elaborará, ao rematar cada curso escolar, a correspondente memoria do plan de convivencia do centro, dacordo cos datos e coas conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias. O Consello Escolar, en pleno, por proposta da súa Comisión de Convivencia, aprobará a memoria do Plan de Convivencia elaborada por esta. Esta memoria formará parte da memoria anual do centro.

Os cambios que se introduzan cada curso no Plan de Convivencia Escolar incorporaranse na P.X.A do curso seguinte.

O presente Plan debe ser coñecido por toda a Comunidade Educativa.

Incorporar o Plan de Convivencia no Proxecto Educativo do Centro.

Incluir o Plan de Convivencia na páxina web do Centro.

11. Conclusión.

Todas as funcións dos equipos de coordinación, mestras/es e implicados no plan de convivencia ateranse á normativa vixente e outra posible que puidera surxir, así como as que determine a administración educativa.

ANEXOS
ANEXO 1. MODELO PARTE DE AMONESTACIÓN.

CEIP CIDADE VELLA										
